



Internet Segura para Pais e Nais



PARA OS PAIS E NAIS

¿Que ofrece Internet aos menores?

Do mesmo modo que educamos aos nosos fillos no uso de diferentes tecnoloxías (telefonía) ou hábitos (boa educación) máis arraigados na nosa sociedade, Internet converteuse nun dos piares da comunicación hoxe en día e isto obríganos a indicarlles, dende pequenos, cales son as virtudes e os perigos da rede de redes, non só porque é una ferramenta imprescindible na súa relación co ámbito social, senón que constitúe unha potente ferramenta de educación e relación pais-fillos.



Pero do mesmo modo que na vida real, a rede tamén é un lugar onde o menor pode encontrar información non adecuada e en ocasións, prodúcese abusos.

É por isto que aínda que é normal que exista unha lóxica preocupación, non sería unha actitude positiva mostrarse excesivamente restritivo no seu uso por parte de os menores, ao contrario, débese fomentar o seu uso dun xeito seguro.

Consellos Xerais

1. É necesario que os pais aprendan a utilizar o ordenador. Deste modo e ata certa idade, conéctanse con eles e o neno aprende a gozar de Internet xunto aos seus pais; ademais coñecer o ordenador axuda aos pais a distinguir que software utiliza e que páxinas visita o menor máis doadamente.
2. Fomentar o diálogo sobre hábitos de navegación e os seus riscos. É importante que o menor sinta que cando lle suceda algo estraño para el ou que lle incomode poida dicirlllo aos seus pais sen sentirse culpable. Ademais axudarémolos a manter un espírito crítico sobre a información que aparece na rede e explicarlles que non todas as webs teñen a mesma credibilidade.
3. Acordar unhas normas de uso claras. É particularmente bo que os nenos teñan regras claras sobre o que poden ou non facer e coñecer as súas consecuencias, especialmente respecto ao tempo de uso (de día e non de noite, controlar o seu uso entre semana), deste xeito o neno saberá a priori ao que aterse.
4. É unha boa axuda utilizar filtros de control de acceso á rede. Así evitará que acceda a páxinas de contido inapropiado (adulto, violento, xenófobo, etc.). No mercado existen solucións gratuítas e moitos provedores ofrecen solucións deste tipo.
5. É necesario colocar o ordenador nunha zona de uso común. Facilitará a supervisión tanto do tempo de uso (para controlar a ciberadicción) como o control de situacións que poidan incomodarlle, como por exemplo, para evitar o ciberacoso cando utilizan o webcam.
6. Ensinarlles en que consiste a privacidade. Explicarlles que os datos persoais son información sensible e que pode ser utilizada na súa contra con exemplos da vida cotiá, como pode ser, por exemplo, que eles nunca darían as chaves de casa a un descoñecido ou exemplos similares.
7. Explicarlles que na rede tamén hai que respectar os demais. Que entendan que detrás dun alcume, hai persoas e que tamén hai que ser cortés e educado con elas.

Consellos específicos según a idade dos menores

De 4 a 12 anos.

- Acompañaos no uso do ordenador. A esta idade é imprescindible guíalos no uso desta tecnoloxía.
- Coñecer as claves de acceso. Axudarlles a escoller unhas boas claves de uso e explicarlles a razón disto.
- Ensinar os rapaces a non descargar nada sen permiso: Moitas veces teñen a falsa crenza de que o nome do arquivo é indicativo do programa que están a descargar, ou en ocasións descargan algo no ordenador sen saber moi ben por que o fixeron.



De 13 a 18 anos.

- Coñecer os remitentes para non ter que ler os correos. A partir da preadolescencia, os mozos son moi celosos da súa privacidade, entón pódese establecer un acordo intermedio no que os país coñezan as direccións, ao igual que o correo postal, pero non lean o correo electrónico -no correo postal pódese ler o remitente, pero non é necesario abrir a carta-, e no caso de que exista unha dirección descoñecida, é mellor preguntar o menor.
- Estar moi pendentes se se citan con algún descoñecido. Insistirles en que non vaian sós, e que queden nun lugar público con máis xente. Adoutrinalos sobre que todo o que se conta en Internet non ten porque ser certo.
- Ensinalos a ter un comportamento responsable, respectuoso e ético en Internet. En moitas ocasións teñen unha falsa sensación de impunidad, que os fai atreverse con actitudes máis agresivas, que na vida real xamais adoptarían. Por isto, é recomendable explicarlles que, cuestións como o ciberacoso non pode ser divertido cando se lle fai dano ou se molesta os demais.
- Asegurarse de que consultan antes de realizar calquera transacción en liña. O comercio electrónico é cada vez máis importante, é un bo ensino que se familiaricen con esta forma de comercio. Non é necesario prohibirlles que compren en Internet, pero si é conveniente que consulten previamente á introdución de datos bancarios de calquera tipo.

SOBRE OS MENORES

¿Qué problemas se poden encontrar?

Un apartado orientado ás ameazas que pode encontrarse o menor e unha guía para recoñecelas e evitalas.

VIRUS E SIMILARES

Os virus son pequenos programas que interfieren no correcto funcionamento do ordenador. Son moi variados e poden producir moi diferentes efectos. Adoitan detectarse como comportamentos non habituais do ordenador ou perda de información.

Para evitar que os menores poidan sufrir a infección dun virus é moi importante dispoñer dun antivirus actualizado e calquera ficheiro que se queira ter no ordenador (a través dun adxunto do correo electrónico, un disco USB portátil, un CD, etc.), hai que escanearlo previamente co antivirus.

PRIVACIDADE DO MENOR

Trátase dun tema moi delicado, é moi importante mentalizar o menor sobre que datos son de especial relevancia para a familia e para si mesmo e que non debe revelar en ningún caso sen a autorización dos seus pais. Do mesmo modo, se o menor ten unha páxina web, un blog ou similar é importante que esa mentalización se amplíe ao respecto de dito datos persoais, incluíndo fotos e videos, porque se o menor, descoñecendo a lei, fíxese un uso non autorizado de datos, imaxes ou videos podería sufrir consecuencias legais importantes. Na actualidade a privacidade está protexida pola Lei de Protección de Datos, que prevé importantes consecuencias no caso da violación da privacidade.

CONFIANZA NA REDE

Os menores adoitan ser máis crédulos que os adultos e como a maioría deles xa naceron coa existencia de Internet tenden a crer máis no que ven na rede, mesmo creen máis que nos medios de comunicación tradicionais. Por este motivo hai que explicalos que en Internet non todo o que se di é verdade, nin todo o que se ve ten que ser real. É necesario inculcalos un espírito crítico respecto ao que ven ou lles din por Internet, e que se acostumen a verificar as súas fontes de información.

CONTIDO INAPROPIADO

Non só se trata do contido sexual que poden encontrar pola rede, tamén poden acceder a páxinas de contido violento ou xenófobo, ou mesmo páxinas con contidos non axeitados á súa idade e que eles non son capaces de comprender, non porque sexa inadecuado en si mesmo, senón porque non está adaptado á súa idade. Neste último caso a mellor recomendación é dirixilos a páxinas no que o contido estea adaptado á súa idade.



Consecuencias Legais

Nos últimos anos lexislouse moito de xeito directo ou indirecto sobre os diferentes usos de Internet, a tecnoloxía cambia a toda velocidade e, en ocasións custa seguir o ritmo dos cambios tecnolóxicos e legais.

A día de hoxe, e en cuestións que poidan afectar a menores de idade, as leis máis importantes respecto ao uso de Internet son a Lei de Protección de Datos e a Lei de Propiedade Intelectual.

A Lei de protección de datos regula, entre outras moitas cousas, o uso que se fai de imaxes, datos persoais ou videos na rede, e estipula fortes multas no caso de que se invada a privacidade dunha persoa.

Por outro lado, a lei de propiedade intelectual indica que os programas de ordenador (aplicacións e xogos) pirateados son delito e prevé fortes multas por iso.

O software pirateado son aqueles programas non gratuítos que se utilizan sen pagar unha licenza ou despois de saltarse a protección que teñan.



¿Qué adoitan facer eles en internet?

Estabas a navegar, e seguindo algún enlace encontráche con algunha paxina para adultos, sobre violencia ou racismo, ou calquera outra que che haxa feito sentir mal.



USO DAS REDES p2p

Estas redes son na actualidade un dos máis importantes usos que se dá a Internet, e xerouse unha forte controversia en torno ao seu uso para a descarga de contidos protexidos por dereitos de autor.



Para evitar problemas de seguridade e legais no uso destas redes, é importante concienciar aos menores en que non confíen en que o nome dos ficheiros que aparecen non teñen porque indicar o contido e en moitas ocasións poden conter virus, para iso é importante que todos os ficheiros que se descarguen a través do p2p os escanear previamente ao seu uso cun antivirus actualizado. Tamén é importante explicarlles as consecuencias legais da descarga de software (xogos e aplicacións).

CHAT, MENSAXERÍA INSTANTÁNEA

Na actualidade o uso da mensaxería instantánea¹ xeneralizouse entre os mozos e constitúe un dos seus principais medios de contacto con amigos e coñecidos en todo o mundo.

Existen dúas ameazas a través desta tecnoloxía: que adultos aproveiten a facilidade para ocultar a identidade real e a confianza dos menores para intentar enganalos, e a dispersión de virus a través do envío de enlaces maliciosos.

A primeira ameaza poderíase minimizar explicándolles que non deben citarse con alguén que coñecesen a través da rede, e se o fan que o fagan en compañía de máis xente e nun lugar público e facéndoos comprender que en internet non todo é o que parece.

¹ Isto refírese aos programas como Windows Live Messenger, el ICQ, Pidgin, GTalk ou Yahoo! Messenger

Navegación por Internet

O uso xeneralizado de Internet é unha das grandes revolucións de principios deste século, fomentar o seu uso en todas as disciplinas é unha das aspiracións da educación actual, pero estas cuestións tan positivas deben acompañarse dunha educación sobre o que significa a privacidade e a confiabilidade que permita aos menores construír un criterio sobre a navegación segura.

Ademais os pais e nais deben fomentar un diálogo aberto sobre os contidos máis axeitados para a idade dos menores e ensinalles que existen contidos que só deben ser para adultos.

Internet é como unha biblioteca xigante, se pode encontrar toda a información que te poidas imaxinar, pero existen páxinas que non teñen boas intencións cando te ofrecen cousas.

Procura sempre ter varios programas de protección do ordenador para que poidas navegar coa máxima tranquilidade.

Cando, por casualidade, chegues a unha paxina que non entendes ou te sentes mal co que pon, non tes por que seguir nesa páxina, a pechas, non volves a esa páxina e xa está, e se tes algunha dúbida, lle preguntas aos teus pais.



Uso do correo electrónico

Aínda que os menores non teñen entre as súas preferencias o uso do correo electrónico, sería positivo que adquirisen unha serie de hábitos de seguridade sobre a utilización desta tecnoloxía porque probablemente o seu uso vaia aumentando co tempo.

Para iso é importante que:

- Teñan dúas contas de correo electrónico.
- Unha para dállela aos teus familiares e amigos e outra para rexistrarte en foros, redes sociais ou xogos en liña.
- Que non contesten correos de persoas que non coñecen.
- Eses correos deben eliminalos, trátanse de enganos que mesmo poden conter un virus. Explicarlles que por Internet circulan unha gran cantidade de contos (en inglés, hoax). Que se converteron en auténticas lendas urbanas, e hai moita xente que llos cree, dicirlles que é mellor que non axuden a aumentar a mentira porque poden prexudicar a moita xente. Calquera correo

deste tipo que reciban é mellor que busquen outras fontes de información para asegurarse de que é verdade.

- Que non descarguen arquivos adxuntos se non están seguros sobre de quen é a mensaxe. E se o saben, despois de descargar o adxunto, que lle pasen un antivirus antes de abri-lo.

Foros

Nestes lugares adoitan consultar a maioría das dúbidas informáticas ou de outro tipo, que adoitan ter, as recomendacións de uso son moi similares ás da mensaxería instantánea.

Xogos online

Debido á mellora das conexións, cada vez aparecen máis páxinas nas que os menores poden xogar en liña con outros usuarios de todo o mundo. As recomendacións xerais son as mesmas que no caso da mensaxería instantánea, xa que estes xogos adoitan ter un chat para que os xogadores poidan comunicarse entre si.

Especificamente recoméndase que o software que está a instalar no ordenador para xogar en liña este actualizado cos últimos parches de seguridade e que non instalen parches que non sexan oficiais, porque con bastante frecuencia adoitan tratarse de virus.

Redes sociais

Son o ultimo "boom" en Internet. En estas redes relaciónanse cos seus amigos, coñecen moita xente e adoitan dar, con moita confianza, moitos datos persoais.

A redes sociais son unha boa axuda para a socialización do menor, por iso, hai que apoiar que as utilicen, pero hai que inculcarlles o criterio de que elixan moi ben a quen agregan como amigo, porque ese amigo vai ter os seus datos persoais e estes datos poden ser utilizados no seu contra.



CONSELLOS XERAIS PARA O MANTEMENTO DO EQUIPO

O sistema operativo

É o corazón do software do ordenador, e é necesario ter actualizado, polo que é recomendable ter activadas as actualizacións automáticas.



O software de protección

Serve como axuda para evitar o menor nos posibles incidentes de seguridade que se poden dar utilizando Internet (infección dun virus ou dalgún programa espía, etc.), para iso é importante ter instalados e actualizados programas que sirvan para protexer o ordenador e o menor destes incidentes. Existen moitos tipo de software de protección, pero de xeito xeral podemos clasificalos en tres grupos.

Antivirus: Software que serve para evitar as infeccións por virus e outros tipos de malware ou programas maliciosos como vermes, troianos, etc.

Antiespías: Estes programas evitan a execución de programas espía (tamén coñecido como spyware) e que poidan roubarlles información sensible aos menores.

Devasas (fireware en inglés): Son programas que controlan a comunicación entrante e saliente de e cara a Internet, deste xeito evítase que poida saír información sen que o usuario do ordenador se decate, ou que outro ordenador estableza conexión co noso sen consentimento. O software de protección.



Así mesmo tamén existen ferramentas de control parenteral, que serven para restrinxir e monitorizar o uso que fai o menor de Internet, son ferramentas que supoñen una intrusión na intimidade do menor e aínda que son perfectamente legais, a partir de certas idades recoméndase que o seu uso, se fose necesario, se consensúe co menor.